



ANEXO DE ADAPTACIÓN Á NOVA ORDE DE AVALIACIÓN DEPARTAMENTO DE ARTES PLÁSTICAS

A Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia supón unha importante modificación no calendario e procedemento de avaliación polo que cómpre revisar e adaptar as programacións didácticas do noso departamento.

A adaptación á nova orde concrétase nos seguintes puntos:

Con respecto aos cursos da ESO:

- Elimínase da programación toda referencia á proba extraordinaria.
- Na semana do 6 de xuño de 2022 terá lugar a terceira avaliación. Coas notas das tres avaliacións calcularase un valor provisional para a cualificación da avaliación ordinaria seguindo o criterio sinalado na programación.
- O alumnado con dita cualificación inferior a 5 poderá recuperar a materia suspensa. Dentro deste prazo, o alumno deberá repetir aquelas láminas nas que non acadara unha nota superior a 3. Faráselle a cada alumno unha lista individual cas láminas que debe repetir. O alumno fara estas láminas nos períodos lectivos e baixo a supervisión do seu profesor. Non se recollera ningunha lámina que se fixera fóra da clase, a non ser que o profesor o considera oportuno.